

EXAMES DE SETEMBRO. PROTOCOLO MEDIDAS SEGURIDADE COVID 19.

Entrada ao centro e realización de exames.

O alumnado deberá permanecer no patio exterior do Instituto uns minutos antes do exame que teñan que realizar, respectando a distancia social de metro e medio. Dende alí accederán ás aulas, de forma escalonada e gardando a distancia de seguridade despois de levar a cabo as medidas de desinfección e hixiene.

- Aconséllase puntualidade, pero non vir con moita anterioridade, para evitar aglomeracións innecesarias.
- Unha vez dentro do Centro, no vestíbulo, procederase á execución das medidas de hixiene e desinfección.
- Se un alumno/a debe realizar dous ou máis exames ao longo da mesma xornada e ditos exames non son en horas consecutivas, deberá abandonar o edificio e acudir de novo para o seguinte exame.
- O acceso ao Centro só se permitirá ao alumnado que ten que realizar a proba. Non entrarán acompañantes. No caso de alumnado que teña algunha necesidade especial de acompañamento, adaptación de espazos, etc., deberá comunicalo ao Centro coa suficiente antelación.

Durante o exame

- O alumno/a terá que sentar exclusivamente nos lugares sinalados.
- Non se permitirá, baixo ningún concepto, o intercambio de material entre o alumnado.
- Non se poderá ir ao aseo, salvo casos de forza maior e co consentemento do profesorado responsable.
- O alumnado que remate unha ou todas as probas poderá abandonar a aula e saír do Centro pola ruta sinalada cara á porta principal do instituto. Non está permitido esperar nos corredores.

Outras recomendacións e normas para o alumnado

O alumnado que teña que realizar as probas extraordinarias de setembro, seguirá as seguintes instrucións:

- Virá provisto do seu propio material que será o necesario para a realización das probas.
- Virá provisto da súa propia máscara e levaraa posta en todo momento.
- Manterá unha distancia de metro e medio en todo momento con calquera outra persoa en todas as estancias e espazos do Centro.
- Estará terminante prohibido acceder a outros espazos do Centro distintos dos estritamente necesarios para o acceso e saída ás aulas ou ao aseo autorizado, no caso que sexa necesario.